



MANIFESTO: MODELO DE EDUCACIÓN PÚBLICA QUE DEFENDEMOS

1. Principios educativos

A educación é un dereito de todas as persoas. É o proceso formativo que lles permite inserirse de forma activa, autónoma, crítica, creativa e solidaria nos contextos histórico-sociais dos que cada quen forma parte ou cos que cadaquén interactúa. É, ao mesmo tempo, unha forza fundamental na construción dun mundo máis xusto e mellor. Educamos as novas xeracións non só para integrar os coñecementos científicos, sociais e políticos máis relevantes das pasadas xeracións, senón para respondermos con cooperación e de modo democrático a unha axenda complexa ante os novos retos sociais, económicos, culturais, políticos e ecolóxicos da humanidade.

2. A educación é, por iso, un grande proxecto político

É asunto de central atención pública; pertence ao que chamamos 'o espazo público democrático' e é motivo relevante de proxección política e, polo tanto, de debate social, alén de ter presentes criterios técnicos e de validación científica desde as ciencias da educación e demais ciencias sociais. Concirne aos poderes e institucións políticas públicos, mais tamén a toda a sociedade: ás asociacións de familias, ás organizacións sindicais, ás asociacións comunitarias e aos movementos sociais e asociativos diversos, ás institucións e servizos culturais das comunidades.

3. Un servizo público fundamental

Que os poderes públicos estruturan e administran, desde a titularidade e a xestión pública, para garantir o dereito de todos e todas as cidadás a recibiren unha educación de calidade, a fin de lograr o seu óptimo desenvolvemento integral.



Configúrase como integrante dos dereitos e liberdades básicas constitucionais e como mediación sociocultural estratéxica, o que obriga a deseñar con participación social o seu contido fundamental e básico, que por iso non debe depender de dispoñibilidades económicas particulares, para as persoas todas poder formar parte activa da sociedade democrática, asentada sobre valores humanos transversais, a laicidade, as prácticas inclusivas, a integración das diversidades e o rexeitamento do racismo, do sexismo e de toda caste de explotacións, de estereotipos discriminatorios e de violencias. Por iso, o ensino considerado básico e fundamental, non debe ser canalizado por medio de institucións educativas privadas, debendo procederse á redución progresiva do programa público de concertos económicos aos centros privados.

4. Unha educación conectada coa vida e co seu pluralismo de manifestacións

Que parte da consideración das necesidades e intereses do alumnado; isto é, da súa natureza histórica, social e existencial, o que implica a problematización curricular dos coñecementos e saberes. Unha educación no contexto dunha “sociedade educadora”: lograda mediante institucións educativas regradas, que son parte dun sistema educativo público xeral, e tamén a través doutras institucións públicas derivadas das específicas contornas e das conquistas sociais democráticas, conformando en conxunto redes públicas territoriais interconectadas de servizos educativos, vertebradas pola interculturalidade, o enfoque coeducativo e inclusivo.

5. Educación, equidade, inclusión e cooperación

A educación pública significa/debe significar, en termos sociolóxicos, a mellor garantía da igualdade de oportunidades e de equidade social, e debe ser promotora de cohesión e inclusión social; contraria, polo tanto, ao espírito e ás prácticas propiciadas desde o neoliberalismo. Con tal finalidade, a educación



pública necesita, ademais, dispoñer de servizos gratuítos de xestión pública directa de transporte, garda, comedores escolares e coidados axeitados para cumprir os seus obxectivos de equidade e inclusión. A educación pública é a de maior capacidade para a formación de persoas con espírito de cooperación social, capacidade crítica, creatividade e valores firmes desde o punto de vista da dignidade de todas as persoas.

6. Racionalidade crítica e laicismo

A formación como apropiación subxectiva e comprensiva do mundo histórico e social que nos contextualiza é esixente, pero libre de autoritarismos e de dogmatismos. A formación da racionalidade, do espírito crítico, da dúbida e da discrepancia lúcida supón sempre a laboriosidade formadora. A formación en coñecementos científicos e en valores cívicos esixe que as institucións escolares sexan lugares que asumen como valores éticos todos os avances da Humanidade en canto aos dereitos humanos, o laicismo –que impide soste a formación sobre crezas infundadas e non racionais–, o pluralismo ideolóxico e a diversidade cultural, que é contraria das visións etnocéntricas.

7. A concreción galega da política educativa

Correspóndelles ás forzas políticas, ao Parlamento e á Xunta de Galicia promoveren con adecuación esta concreción, mediante un proceso dobremente participativo e experto, acompañándoo dos medios administrativos e académicos necesarios. É mester desenvolver con enerxía creativa e proxectiva todas as capacidades competenciais das que arestora dispón Galiza, traducíndoas na organización de centros, na organización curricular, na formación do profesorado, nos recursos e nos programas de innovación e de avaliación, xerando sinerxías coas administracións locais.



A información pública, a participación e a co-xestión deben ser a metodoloxía que permite facer rede e conectar as distintas escalas administrativas e participativas, co horizonte galeguizador da educación. Horizonte que, ademais, debe traducirse en avances progresivos, controlados e efectivos da normalización lingüística e cultural no ensino, única garantía para unha adecuada estratexia plurilingüe.

Esta concreción esixe tamén unha atención singular, con esforzos organizativos e económicos relevantes con criterios específicos, á escolarización no ámbito rural como garantía dun necesario equilibrio territorial e demográfico, para a que é indispensable desenvolver un Plan de educación específico para o rural.

8. Organización escolar, proxectos educativos de centro e concreción curricular

Este enfoque da educación debe traducirse nunha esixente xestión democrática dos centros escolares, alén de formalismos burocráticos ou que se burocratizan con excesiva frecuencia. A información oportuna, a corresponsabilidade na toma de decisións, a coordinación e a cooperación, ademais da procura de consensos en ben do conxunto do alumnado, deben ser os alicerces desta xestión democrática, para o logro de dinámicas comunidades educativas. Son requisitos que deberán conducir a dispoñer dun proxecto educativo de centro, avaliado, revisado e recreado periodicamente. Os centros deben ser, ademais, –e así está disposto desde as Normativas– unidades de elaboración e de axuste curricular, todo o que fai imprescindible dispoñer de marxes reais de autonomía propositiva, executiva e de recursos, no marco da ordenación xeral do sistema educativo.



9. O Profesorado e as e os educadores

A función e a responsabilidade social educadora dos e das ensinantes debe traducirse nunha adecuada formación inicial nas Facultades de Educación e de formación docente, con coñecementos, valores, actitudes e destrezas que se moven entre os saberes instrumentais, a formación axiolóxica, as achegas académicas sobre o desenvolvemento psico-social humano, as preguntas e os coñecementos históricos e sociais, e sobre a deontoloxía docente. Debe traducirse igualmente en programas institucionais de indución e de formación docente compartidos, a fin de fomentar a cultura colaborativa, as comunidades de aprendizaxe e a co-responsabilización. O sempre aprazado novo Estatuto Docente, co Modelo de desenvolvemento profesional docente que o articule, deberá contemplar esta realidade.

Asemade, a diversificación das funcións sociais que na actualidade se lle atribúen ao sistema educativo evidencian a necesidade da presenza doutros perfís profesionais, nomeadamente, os/as educadores/as sociais e a súa incorporación no sistema educativo, a fin de prover mellor resposta institucional ás necesidades da formación.

10. Sostidos pola esperanza no mellor do desenvolvemento humano

O desenvolvemento educativo debe levar, con outras políticas públicas, ao logro de mellor Humanidade. No noso caso, unha mellor, máis libre, xusta, solidaria e inclusiva sociedade galega, consciente e promotora do seu patrimonio inmaterial e material, da súa historia, da lingua propia, así como da súa activa inserción internacional, querendo contribuír á eliminación das guerras, da explotación, do ecocidio e da discriminación entre os pobos e entre os seres humanos.



Nesta tarefa colectiva queremos participar as educadoras e educadores unidos en Nova Escola Galega, en colaboración con outras instancias e iniciativas galegas e conectados, ademais, coa Confederación Estatal de Movementos de Renovación Pedagóxica, coa Confederación Internacional de Movementos de Escola Moderna e coa rede internacional Convergencias pola Educación Nova. Sostidos pola esperanza.

Santiago de Compostela, a 1 de xullo de 2023.

Rúa Luís Freire, nº 5 Baixo
15706 Santiago de Compostela (A Coruña)

Teléfono: 981 562 577
<http://www.neg.gal/>
neg@neg.gal
CIF G36645232